



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

**CERTIFICO**

Que na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**5.- PREZO PÚBLICO E RÉXIME DE XESTIÓN: FINDE NA NEVE 2025 ( FUENTES DE INVIERNO).**

Dáse lectura á proposta de Alcaldía que se transcribe no seu literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Dende a Concellería de cultura e deportes estase a organizar un viaxe a neve a estación de Esquí Fuentes de Inverno (Asturias) destinado a xuventude do Concello da Laracha de entre 12 e 18 anos.

Para cumprir co disposto no artigo 44.1 do RDL 2/2004 o prezo público debería permitir acadar unha recadación estimada que cubrixe os custos que se calculan no informe antedito. No obstante, co prezo público que se propón non se cubrirán os custos antes mencionados, sendo de aplicación o disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 que permite a fixación de prezos públicos por debaixo do límite previsto no punto primeiro “*cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen*”, como é o caso, xa que se trata de actividades coas que se persegue a consecución do mandato establecido na Constitución Española de promoción e tutela do acceso á utilización do ocio e á cultura.

Tendo en conta o anterior, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Establecer a seguinte tarifa para o Prezo público para o viaxe a neve da xuventude a Fuentes de Inverno (Asturias) o fin de semana do 21 ao 23 de febreiro de 2025:

CONCEPTO	DATA	Nº PRAZAS PARTICIPANTES	PREZO POR PARTICIPANTE	CUSTO TOTAL PARTICIPANTE
Aloxamento en pensión completa + aluguer de esquí+ snows+ forfait		30	315€	9.450€
Autocar toda a fin de semana		30	82,5€	2.475€
<b>PREZO TOTAL DA VIAXE</b>				<b>11.925€</b>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

<b>PREZO TOTAL POR PARTICIPANTE</b>	<b>397,5€</b>
<b>PREZO PÚBLICO POR PARTICIPANTE</b>	<b>150€</b>

**SEGUNDO.-** Establecer o seguinte réxime de xestión para o Prezo Público para a participación no viaxe a “Fuentes de Invierno” da xuventude para o fin de semana do 21 ao 23 de febreiro de 2025.

- A actividade será o fin de semana do 21 o 23 de febreiro, saíndo da praza Le Sables d´Olonne o venres 21 de febreiro ás 17:00 horas.
- Para inscribirse é obrigatorio estar empadroado no Concello da Laracha e ter nacido entre os anos 2013 e 2007.
- O prazo de inscrición das solicitudes será **do 27 de xaneiro ao 6 de febreiro** de forma telemática ou presencial.
- O número de prazas dispoñibles é de 30. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público o día **7 de febreiro** no salón de actos do Concello ás 10:00 horas.
- Terán preferencia os mozos e mozas que non participaron no ano anterior.
- Unha vez rematado o proceso de adxudicación de prazas, que se publicará na sede electrónica municipal, abrirase un novo prazo do **10 ao 14 de febreiro** para o pago da taxa do prezo público de cada participante (**150 €**). Rematado este prazo se non se realiza o pago, perderá a praza e pasará á seguinte persoa na listado de reserva, se é o caso.
- O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación, dun pago único anticipado, unha vez realizado o sorteo ou finalizado o prazo de inscrición telemática ou presencial, mediante pago con tarxeta nas dependencias municipais, transferencia bancaria ou ingreso nas contas del Concello.
- A desistencia ou a falta de asistencia do usuario á actividade, unha vez rematado o proceso de inscrición, non suporá redución nin exención da obriga de pagamento, agás por casos médicos ou circunstancias familiares graves debidamente xustificadas.
- Os participantes menores ou maiores de idade, teñen a obriga de respectar aos monitores e cumprir as normas que estes lles indiquen. Non se permitirán faltas de respecto, negación ou falta de interese en cumprir coas normas ou indicacións dos monitores que os acompañan. Os participantes maiores de idade deben cumprir as normas e ás indicación de igual forma que os menores de idade. De non ser o caso, os monitores poderán chamar os pais/nais ou titores legais para que os recollan da actividade e/ou penalizaranse para que non participen en futuras actividades de este tipo.
- No suposto de que, por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións realmente efectuadas. Se a actividade non chegase a iniciarse por causas non imputables ao interesado procederá a devolución completa do importe ingresado.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello.”

Sen intervencións, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta transcrita cos seus acordos, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, D. Xosé Alberto Blanco Veiga, Dna. Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo

O que certifico, na Laracha, á data da sinatura electrónica, co visto e praxe do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta